

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### AMPLIACIÓN DO NÚMERO MÁXIMO DE PARTICIPANTES NAS “ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN PARA A SEMANA SANTA 2024 – CAMPAMENTO OZA-CESURAS CONCILIA SEMANA SANTA 2024”

Por Decreto da Alcaldía de data 12 de febreiro de 2024 resolveuse aprobar as bases das “Actividades de conciliación para a Semana Santa 2024 – Campamento Oza-Cesuras Concilia Semana Santa 2024”

As citadas bases foron publicadas na páxina web do concello o pasado 14 de febreiro de 2024.

No punto 3) PRAZAS E DESENVOLVEMENTO DO CAMPAMENTO, das citadas bases sinálase que: “(...) O número máximo de participantes será de 30 nenos/as que serán distribuídos en grupos dun máximo de 10 nenos por grupo. (...)”

A demanda vecinal e o número de solicitudes presentadas ata a data que reúnen os requisitos esixidos, fan necesario ampliar o número máximo de participantes ata os 50 nenos/as co fin de dar resposta ás necesidades de conciliación das familias. Por este motivo, esta Alcaldía, en uso das facultades que legalmente lle corresponden e polas razón anteriormente expostas

### ACORDA

**Primeiro:** Ampliar o número máximo de participantes ata os 50 nenos/as de tal forma que a citada base 3) PRAZAS E DESENVOLVEMENTO DO CAMPAMENTO, quede regulada do seguinte xeito:

“(...) O número máximo de participantes será de 50 nenos/as que serán distribuídos en grupos dun máximo de 10 nenos por grupo. (...)”

**Segundo:** Publicar a apresente resolución na páxina web oficial do concello para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O Alcalde,

Asdo./ José Pablo González Cacheiro

O Secretario,

Asdo./ José C. Sánchez Presedo

